



Concello de Lugo

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE CALFENSA PROXECTOS S.L. PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA CULTURAL DO “SAN FROILÁN 2020”

Lugo, 25 de setembro de 2020

### REUNIDOS

Dunha parte, Dona Tareixa A. Ferreiro Tallón, con NIF 32.773.589-S, en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con CIF P-2702800-J, e enderezo en praza Maior s/n, actuando en calidade de Tenenta da Alcadesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, conforme ás atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e, en virtude da delegación de competencias segundo o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 3/403 de data 1 de setembro de 2020.



Doutra parte, Don José Ramón Panete Fernández, con DNI núm.36024560M, na súa calidade de Conselleiro da entidade CALFENSA PROYECTOS S.L. con CIF B27182682, con enderezo en estrada LU-546 KM2, Lugo, recoñecendo ambos capacidade para subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e ambas partes recoñecen a capacidade mutua para subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e

### MANIFESTAN

Que o Concello de Lugo, como todos os anos, pon en marcha nos inicios do mes de outubro a celebración do San Froilán. Debido á realidade sanitaria deste ano 2020, vaise facer máis fincapé na actividade cultural e menos no eido festivo. É por iso polo que a denominación é de Semana Cultural de San Froilán 2020 e centrarase na realización de concertos en seis emplacementsos delimitados e cubertos por carpas así como pasarrúas de música tradicional, un espazo de Cultura e Tradición no Camiño con actividades diarias e tamén a diario os máis novos terán o seu San Froilán Miúdo.

O artigo. 48.3 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a subscripción de convenios co fin de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira. Visto o interese da entidade CALFENSA por colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento da Semana Cultural do San Froilán-2020, ambas as partes acordan asinar este Convenio de



MURALLA  
patrimonio da humanidade

Colaboración, acolléndose ao contemplado no artigo. 47.2.c) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico local do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública, organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o artigo. 25.1 da lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

## CONVEÑEN

**PRIMEIRO.-** O obxecto deste convenio é a colaboración económica, sen carácter exclusivo, por parte da entidade CALFENSA á semana cultural do “San Froilán 2020”, que se celebrará entre os días 4 e 12 de outubro 2020. A celebración da festa, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**SEGUNDO.-** Como parte desta colaboración, a entidade CALFENSA financia, mediante a entrega da cantidade de 1.500,00 euros os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración da semana cultural do “San Froilán 2020”. Dita cantidade ingresarase na conta do Concello número ES59 2080/0101/56/3110000947, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente á sinatura do convenio.\_O Concello de Lugo expedirá as certificacións oportunas ás aportacións realizadas aos efectos legais.

**TERCEIRO.-** Pola súa parte, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade CALFENSA nos carteis e programas realizados con motivo da Semana Cultural “San Froilán 2020” e difundirá por todos os medios de comunicación que utilice para a súa difusión a participación da entidade colaboradora. Ao finalizar o *San Froilán*, o Concello enviaralle á entidade colaboradora un dossier informativo e recompilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

**CUARTO.-** O incumprimento de calquera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar á rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Será causa de extinción do convenio igualmente as expostas no artigo. 51.2 da lei 40/2015.

**QUINTA.-** Este convenio ten a consideración de convenio de colaboración, e non constitúe en ningún caso contrato de patrocinio ni de prestación de servizos. O seu réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.





Concello de Lugo

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**SIXTO.-** As dúbidas que se presenten na interpretación e execución deste convenio de colaboración serán resoltas por unha Comisión Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. No caso de que persista a discrepancia, esta será resolta pola Ilma. Sra. concelleira, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser obxecto dos recursos correspondentes.

**SÉTIMO.-** Este Convenio non será prorrogable e estará en vigor desde a data da súa sinatura ata o día 12 de outubro de 2020.

Por todo o exposto, asinan as partes o presente convenio por triplicado, en proba da conformidade arriba expresada.

A TENENTA DA ALCALDESA DELEGADA  
DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E  
PROMOCIÓN DA LINGUA



Asdo.: Tareixa A. Ferreiro Tallón

EMPRESA  
CALFENSA PROYECTOS S.L



Asdo: José Ramón Panete Fernández



MURALLA  
patrimonio da humanidade

